

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a decembro de 2025

Data de publicación: 06/02/2026

Principais resultados

- En decembro de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou un aumento interanual do 6,5 % en Galicia e do 2,8 % en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 2,7 % e os bens intermedios un 7,1 %, mentres que os bens de equipo baixaron un 8,7 % no mes de decembro. Pola súa parte, a enerxía incrementouse un 30,8 %.
- Por ramas de actividade, a contribución positiva máis destacable en decembro de 2025 corresponde a: "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" que suma 7,5 puntos.
- No conxunto do ano 2025, o IPI incrementouse un 0,7 % en Galicia e un 1,3 % en España.

Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial aumentou un 6,5 % en taxa interanual en decembro de 2025; en España, incrementouse o 2,8 %.


- Os bens de consumo aumentaron o 2,7 %, cunha repercusión de 0,7 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa interanual do -8,7 %, restando 2,8 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 7,1 %, cunha repercusión positiva de 1,4 puntos.
- Por último, a enerxía, que aumenta un 30,8 %, suma 7,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Decembro de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	96,7	6,5	0,7
Bens de consumo	98,9	2,7	4,6
Bens de equipo	94,6	-8,7	2,6
Bens intermedios	74,1	7,1	0,9
Enerxía	122,0	30,8	-6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 6,5 % débese principalmente á contribución positiva de 14 ramas.

Entre as ramas con contribucións positivas (11 puntos) destacan:

- "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" (39,4 % e suma 7,5 puntos).
- "Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes" (58,5 % e suma 1,2 puntos).

No que respecta ás contribucións negativas (-4,6 puntos) as principais ramas foron:

- "Reparación e instalación de maquinaria e equipamento" (-22,2 %, resta 1,5 puntos).
- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (-7,5 %, resta 1 puntos).


3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 8 comunidades autónomas neste mes de decembro. As comunidades con taxas máis positivas foron Castela e León (24,8 %) e Canarias (13,3 %). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en Navarra (-12,1 %) e Asturias (-9,8 %).

Na media do ano 2025, o IPI medrou un 1,3 % en España con respecto ao ano anterior. Andalucía (8,8 %) e Castela e León (6,2 %) son as comunidades autónomas que presentaron un maior incremento e Navarra (-2,6 %) e País Vasco (-2,3 %) as de maior descenso.

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Decembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras e o subministro da enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, seccións B, C e D respectivamente da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Ademais, dende a base 2010 inclúe tamén a división 36 da CNAE-2009: Captación, depuración y distribución de auga. Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Decembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)	Repercusión interanual	Repercusión media 2025
Xeral	96,7	6,5	0,7		
Bens de consumo	98,9	2,7	4,6	0,7	1,1
Bens de equipo	94,6	-8,7	2,6	-2,8	0,8
Bens intermedios	74,1	7,1	0,9	1,4	0,2
Energía	122,0	30,8	-6,1	7,3	-1,4

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)	Repercusión interanual	Repercusión media 2025
Xeral	95,4	2,8	1,3		
Bens de consumo	96,2	4,6	1,2	1,2	0,3
Bens de equipo	103,6	1,4	0,0	0,3	0,0
Bens intermedios	81,0	0,9	0,9	0,3	0,3
Energía	110,0	4,6	3,9	1,0	0,7

Fonte: INE.

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa media 2025 (%)	Repercusión media 2025	Ponderación
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-22,2	-1,5	-2,0	-0,1	4,8
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-7,5	-1,0	-0,4	-0,1	13,3
Outras industrias extractivas	-27,8	-0,4	-6,2	-0,1	1,1
Confección de roupa de vestir	-23,6	-0,4	9,4	0,2	1,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-5,9	-0,3	-1,6	-0,1	2,8
Industria téxtil	-33,0	-0,2	-16,3	-0,1	0,8
Industria do papel	-13,8	-0,2	-5,2	-0,1	1,2
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-41,3	-0,2	-30,5	-0,1	1,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-2,6	-0,2	9,1	0,7	8,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-4,0	-0,1	6,0	0,1	2,3
Outras industrias manufactureiras	-7,1	0,0	3,2	0,0	0,7
Industria química	5,9	0,1	-0,7	0,0	1,9
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	4,6	0,1	-4,4	-0,1	3,2
Fabricación de material e equipamento eléctrico	11,4	0,1	-2,9	0,0	0,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	4,5	0,2	0,7	0,0	4,6
Fabricación de mobles	11,9	0,2	0,3	0,0	1,3
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	33,8	0,3	29,5	0,2	0,8
Fabricación doutro material de transporte	13,2	0,3	17,5	0,4	1,9
Fabricación de bebidas	9,7	0,5	8,8	0,4	3,8
Industria da alimentación	4,7	0,7	4,9	0,7	14,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	58,5	1,2	3,2	0,1	5,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	39,4	7,5	-7,4	-1,4	19,4

Fonte: INE.

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais.

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Decembro de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
España	95,38	2,8	1,3
Andalucía	102,30	4,3	8,8
Aragón	99,57	-1,7	2,6
Asturias, Principado de	86,55	-9,8	2,2
Baleares, Illas	98,07	4,1	4,0
Canarias	119,49	13,3	1,2
Cantabria	81,69	-4,3	-0,8
Castela e León	108,38	24,8	6,2
Castela-A Mancha	99,83	-0,4	0,8
Cataluña	93,60	5,2	0,5
Comunidade Valenciana	86,50	-2,9	-1,3
Extremadura	100,11	-3,2	0,0
Galicia	96,72	6,5	0,7
Madrid, Comunidade de	103,56	2,0	0,0
Murcia, Rexión de	97,48	6,3	1,0
Navarra, Comunidade Foral de	72,71	-12,1	-2,6
País Vasco	88,59	-2,6	-2,3
Rioxa, A	85,36	-7,3	-0,9

Fonte: INE.